

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 18/10/1976

Colección:

Data: 18/10/1976

De:

Domingo García-Sabell;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixe:

Doutor Teixeira, 11 (de enderezo), Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa:] DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL/DR. TEIJEIRO, 11/TELÉFONO 592116/SANTIAGO

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Unha ducia de galegos; Política;

Mencionados:

Xosé Manuel Beiras; Xosé Otero Espasandín; Ramón Piñeiro; Maruxa Seoane; Rafael Squirru;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 18/10/1976

18-X-1976

Querido Luis:

Recibín a túa derradeira carta na que me contas o ben que o pasáchedes en Tucumán. E o eisito da tua Mostra, cousa que, como sempre, se produz en coanto a xente contempla as túas creacións.

Agora entréganme a monografía de Squirru. Leereina axiña e xa che darei a miña impresión. Polo de pronto, a parte gráfica é espléndida. E supoño que tamén o será o texto.

A idea do libro a base dos anacos do meu Xornal nos que trato de tí ou da tua obra paréceme moi interesante. Dende logo, queda aceptada. Cando veñades, falaremos. E cecais nos poñamos ao traballo rápidamente.

Por eiquí, as cousas vánse acrarando. Son outimista, a pesares das aparencias contrarias. Coido que o camiño da libertade é irreversible. E aínda que se cometen moitos erros, tanto oficiais como da oposición, o pobo está cada día máis lucidío e con maior pulo de decisión política. Ista é, polo menos, a miña impresión. Craro está que a realidade vira unha e outra vegada dun xeito desconcertante, pro con todo, o resultado final é espranzador. É cáseque como un proceso biolóxico que ninguén pode deter. Ir contra a libertade é ir contra Natura.

Culturalmente, hai poucas novidades. Non me lembro si xa che falei do libro Unha ducia de galegos. Si aínda nono tes, podo remesalo. Os que dín cousas valiosas son Piñeiro, Beiras, D. Ramón e tí1. Hai algún entrevistado que é lamentabel. A mocidade, en xeral, desnortada e petulante.

Vinde pronto. Agardamos día a día por vós.

Velahí tes a dirección de Espasandín: 7501 Democracy Blvd. B-215. Bethesda, Maryland, 20034. USA.

Grandes apertas para Maruxa e para tí de

Domingo

1 Neste punto aparece unha marca a man que remite ao pé de páxina onde se escribe a man: "E Araúxo"

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.